

En relación coas últimas noticias relacionadas co proxecto da Xunta de Galicia de transporte de viaxeiros compartido con transporte escolar, CONFAPA-GALICIA quere aclarar:

A nosa Confederación de ANPAS acudiu o 16 de maio convidada a unha reunión coa Consellería de Cultura, Educación e OU e a Consellería de Infraestruturas e Vivenda en calidade de oínte, para que nos explicasen as intencións da Xunta de Galicia en relación coa modificación do transporte escolar. Nunca fomos a dar un apoio explícito ao devandito proxecto e, de feito, dita proposta NON TEN TAL APOIO.

Seguir dicindo, por parte da Xunta de Galicia, que as ANPAS démoslle o noso apoio é unha **mentira vergoñosa** que, de non corrixirse, CONFAPA-GALICIA considerará seriamente o non acudir a máis reunións coas devanditas Consellerías.

Unha vez publicada a Resolución de 26 de maio de 2017 pola que se autoriza a integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia, e os proxectos de explotación expostos a concurso, CONFAPA-GALICIA quere manifestar o seguinte:

1. REXEITAMOS o proxecto por CONVERTER o transporte escolar en TRANSPORTE DE VIAXEIROS CON RESERVA DE PRAZA. Isto supón unha modificación substancial da natureza do transporte escolar que menoscaba os intereses das familias da educación pública a todos os niveis,
2. Ao taratarse de transporte de viaxeiros con reserva de praza e non de transporte escolar, coa posibilidade de explotar as prazas baleiras, está a habilitarse ás empresas a mercantilizar un servizo indispensable para a comunidade escolar, algo que consideramos inaceptable; e ao mesmo tempo calquera modificación de horarios, rutas ou paradas, terá que ter en conta aos usuarios do transporte de viaxeiros, o que vai impedir adaptar o transporte ás necesidades educativas.
3. Nin a Resolución nin o proxecto define as competencias dos acompañantes do transporte escolar nin cales son as normas de convivencia que se establecerán no transporte compartido. Os nosos fillos/as van ter que compartir espazo con calquera viaxeiro que suba nunha parada, sen a menor garantía de seguridade. Isto é unha situación inaceptable, que pon en risco a integridade dos menores que, lembremos, deben ser obxecto de especial protección, en especial polas Administracións Públicas.
4. En ningún momento cóntase con reserva de praza para os estudantes de bacharelato. CONFAPA esixe que, aínda que non se lles cubra economicamente a praza, resérveselles asento con preferencia aos viaxeiros de carácter xeral.

En conclusión: CONFAPA-GALICIA REXEITA devandito proxecto por converter o transporte escolar en transporte xeral de viaxeiros, algo que consideramos contrario a todos os principios que deben rexer na xestión da educación pública.

Xunta Directiva CONFAPA-GALICIA

15 de maio de 2017.

